

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 2 DE OUTUBRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello da Estrada.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello da Estrada.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Redondela.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se nomea directora xeral de Traballo e Economía Social a María del Carmen Bouso Montero.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se regula a declaración de municipio turístico, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Mancomunidade do Salnés para a asunción da explotación da EDAR de Ribadumia, por un importe total de dous



millóns cincuenta e cinco mil cento setenta e nove euros con corenta e oito céntimos (2.055.179,48 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte Caldelas para a asunción da explotación da EDAR de Ponte Caldelas, por un importe total de setecentos setenta e nove mil trescentos trinta e nove euros con noventa e dous céntimos (779.339,92 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Chan do Eixo, situado nos concellos da Cañiza e Covelo (Pontevedra) e promovido pola *Sociedade Parque Eólico Chan do Eixo S.L.*

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o asinamento do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Oroso para a xestión do servizo de comedor escolar no CEIP do Oroso en Sigüeiro, polo importe máximo de corenta e tres mil trescentos sesenta e cinco euros (43.365,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Tui para a dixitalización de fondos de patrimonio histórico, dentro do proxecto 0607_ARPAD_1_E, aprobado na 3ª convocatoria do POCTEP, por un importe total de noventa mil euros (90.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para a construción e desenvolvemento do centro Campus da Auga no Campus de Ourense, por importe de catro millóns catrocentos noventa e nove mil trinta e dous euros con vinte céntimos (4.499.032,20 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto de sanidade mortuoria de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura de catro convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e cada unha das catro deputacións provinciais con base territorial na Comunidade Autónoma de Galicia, para financiar as actuacións do Plan marco de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, cofinanciado con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2015, por un importe global de vinte e cinco millóns cincocentos un mil novecentos sesenta e dous euros con doce céntimos (25.501.962,12 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre “Implantación do Sistema único de rexistro da Xunta de Galicia”.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe polo que se conceden as axudas para a apertura de novos establecementos comerciais.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre o apoio aos grupos de investigación universitarios de Galicia. Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de datos do Sistema de información sobre condutas de risco–SICRI.




O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ESCUDO E BANDEIRA DO CONCELLO DA ESTRADA E O ESCUDO DE REDONDELA

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe os decretos polos que se establece a conformación oficial do escudo e a bandeira do Concello da Estrada (Pontevedra) e do escudo do Concello de Redondela (Pontevedra).

O escudo da Estrada é de sinople verde e sobre ondas de prata branco, unha ponte de cinco ollos de ouro amarelo, surmontada dunha torre, oca e tamén de ouro, e nos flancos de dúas vieiras de prata, surmontadas pola súa vez de senllas estrelas de ouro. Ao timbre, a coroa real pechada". A bandeira da Estrada está dividida por unha banda branca, de verde á hasta e de vermello ao batente

Pola súa banda, o escudo de Redondela é de sinople azul, a letra R de ouro amarelo, posta no centro, e acompañada de tres vieiras, tamén de ouro, dúas no xefe e unha na punta. Ao timbre, a coroa real pechada".

Bandeira da Estrada



Escudo da Estrada



Escudo de Redondela



NOMEADA CARMEN BOUSO MONTERO NOVA DIRECTORA XERAL DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL

- ***É licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Carmen Bouso Montero como nova directora xeral de Traballo e Economía Social, que substitúe no cargo a Odilo Martiñá.

Carmen Bouso Montero é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Ata o de agora era asesora xurídica da Consellería do Medio Rural e do Mar. Con anterioridade foi titular do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo da Asesoría Xurídica Xeral, e entre outubro de 2003 e agosto de 2005 foi directora xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca.

Carmen Bouso Montero tamén foi letrada do Consello Consultivo de Galicia en situación de comisión de servizos entre abril e outubro de 2000 e foi nomeada en maio de 1995 e maio de 1997 Xefa do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo. Con anterioridade, tamén ocupou diversos postos de responsabilidade como letrada da Xunta de Galicia.



A XUNTA REESTRUTURA A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR PARA OPTIMIZAR A XESTIÓN EN TODO O RELACIONADO COA CADEA ALIMENTARIA

- ***Coa nova estrutura a Subdirección Xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria pasa a formar parte da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria polo que queda baixo a mesma dirección todo o relativo á cadea alimentaria***
- ***Ademais, a través deste decreto créase o Servizo do Sector Lácteo, que se constitúe no Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)***
- ***Na Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes fúsiónanse dúas subdireccións na Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal***
- ***Esta reorganización de unidades administrativas inclúe a creación, amortización e modificación dalgunhas unidades***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto que establece a nova estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar. A través del a Xunta reestrutura este departamento para, entre outros obxectivos, optimizar a xestión en todo o relacionado coa cadea alimentaria. Coa nova estrutura a Subdirección Xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria, que ata agora pertence á Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, pasa a formar parte da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria. Deste xeito, estará baixo a mesma dirección xeral todo o relativo á cadea alimentaria, que vai dende a produción agrícola e gandeira ata a transformación das materias primas agrarias e a súa comercialización.

Ademais, a través deste decreto, créase o Servizo do Sector Lácteo, que se constitúe no Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), a partir da fusión dun servizo existente na Dirección Xeral de Producción Agropecuaria (Servizo de Coordinación e Seguimento) e do servizo de intervención de mercados do FOGGA. Ao Servizo do Sector Lácteo correspóndelle, entre outros aspectos, a análise e seguimento das problemáticas do sector lácteo e dos prezos do leite e a implementación da xestión técnico-económica nas explotacións leiteiras para análise dos custos de produción. Ademais, as competencias do observatorio lácteo pasan a este servizo.

Outro cambio destacado dentro da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria é que a Subdirección Xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias pasa a denominarse Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias. Dentro dela fúsiónanse o Servizo de Explotacións Agrarias co Servizo de Mellora da Competitividade das Producións, dando lugar ao Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario. Esta fusión de servizos realízase para optimizar a xestión de axudas FEADER, xa que ambos xestionaban liñas moi similares destas axudas. Ademais, coa fusión este servizo pasa a asumir as funcións de asociacionismo e rexistros de asociacións e agrupacións.



Por outra banda, na Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, coa nova estrutura, a Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica fúndese coa Subdirección Xeral de Innovación e Experimentación Agroforestal na Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal. Esta fusión realízase para funcionar de xeito máis coordinado, tanto na xestión dos recursos económicos e materiais como no aproveitamento e racionalización dos recursos humanos. Ademais, tamén na Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, créase a Subdirección Xeral de Planificación e Seguimento de Programas para coordinar actuacións das súas direccións e subdireccións e para funcionar como instrumento de axuda para a análise e valoración de cara á toma de decisións.

Esta reorganización de unidades administrativas inclúe a creación, amortización e modificación dalgunhas unidades. Realízase ante a necesidade de introducir certas modificacións na estrutura orgánica e funcional da Consellería, para dar resposta ás necesidades actuais e tratar de mellorar o desenvolvemento das funcións que ten atribuídas.



A XUNTA APROBOU HOXE REMITIR AO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A DECLARACIÓN DE MUNICIPIOS TURÍSTICOS

- ***O dito proxecto de decreto endurece as condicións de acceso á declaración de municipio turístico para manter a calidade e a excelencia dos municipios turísticos de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe remitir ao Consello Consultivo o proxecto de Decreto polo que se regula a declaración de municipios turísticos.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, recolle no título III “Dos recursos, organización e calidade turísticos”, no seu artigo 27, a declaración de municipios turísticos, e establece os requisitos mínimos que deberán cumprir os municipios galegos para ser declarados municipios turísticos.

Así mesmo, nos artigos 28, 29 e 30 establece os servizos mínimos que, sen prexuízo dos exixidos pola lexislación de réxime local, deben prestar os municipios turísticos, así como os efectos que terá a súa declaración e os supostos en que se pode perder tal condición.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, establece a posibilidade da declaración de municipios turísticos, así como a posibilidade de celebrar convenios coa Xunta de Galicia, e de establecer tributos ou recargas específicos de acordo coa lexislación de facendas locais, nos artigos 90 a 92.

Así mesmo, en relación coa declaración remítese a que “se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan”, e que se establecen como requisitos de obrigado cumprimento.

Esta declaración estaba regulada no Decreto 39/2001, de 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.

O proxecto de decreto ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario dos citados preceptos da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regulando os requisitos e servizos mínimos para obter a condición de municipio turístico, os elementos de valoración para a súa obtención, así como o procedemento, efectos e perda daquela.



O dito decreto estrutúrase en 21 artigos, organizados en catro capítulos, unha disposición adicional única, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras; e complétase cun anexo relativo ao procedemento para a solicitude de declaración de festa de interese turístico.

O capítulo I “das Disposicións xerais” regula o obxecto, finalidade e ámbito de aplicación do decreto, así como a competencia do Consello da Xunta para a declaración de municipio turístico por proposta da Dirección da Axencia Turismo de Galicia. O capítulo II “dos Requisitos de acceso e efectos da declaración” establece os requisitos e servizos mínimos que deben cumprir os municipios, os elementos de valoración que hai que ter en conta e os efectos da declaración. Así mesmo, establécese a inscrición de oficio no REAT. O capítulo III regula o “Procedemento para a declaración de municipio turístico”, que se iniciará só por instancia do municipio interesado. Recolle, así mesmo, outras cuestións de carácter competencial e procedemental. Finalmente, o capítulo IV “Vixencia e perda da condición de municipio turístico” establece a vixencia indefinida da declaración e o procedemento de perda da condición de municipio polas causas establecidas no artigo 30 da Lei 7/2011, do 27 de outubro.

A disposición transitoria primeira dispón que os municipios turísticos declarados con anterioridade á entrada en vigor do decreto, manterán a súa declaración mentres cumpran cos requisitos e servizos mínimos establecidos no decreto e establece un prazo de catro anos para a adaptación daqueles municipios turísticos declarados con anterioridade á súa entrada en vigor, que non reúnan os requisitos establecidos neste. A disposición transitoria segunda, respecto aos expedientes en curso, establece que se tramitarán e resolverán conforme as disposicións vixentes no momento da súa iniciación, sen prexuízo da aplicación do previsto na disposición transitoria primeira.

Principais novidades

Este proxecto de decreto endurece as condicións de acceso á declaración de municipio turístico para manter a calidade e a excelencia dos municipios turísticos de Galicia.

Os requisitos e servizos mínimos que deben cumprir os concellos para que proceda a declaración continúan sendo que a poboación turística sexa superior ao 25% do número de veciños, que o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 50% do número de veciños e que acrediten contar, dentro do seu territorio, con algún recurso ou servizo turístico susceptible de producir unha atracción turística que xere unha cantidade de visitantes cinco veces superior á súa poboación. Endurécense estes requisitos ao requirirse a concorrencia de todos eles, é dicir, valóranse de xeito acumulativo e non alternativo como na regulación vixente.



Ademais, na regulación vixente, a comisión de valoración tiña en conta a prestación de servizos, mentres que no novo proxecto de decreto a prestación de determinados servizos mínimos configúrase como unha exigencia para poder optar á declaración de municipio turístico e, polo tanto, deben acreditarse mediante certificación municipal.

O procedemento, a diferenza da regulación actual, só poderá iniciarse por instancia do concello interesado. No decreto vixente era necesario o acordo do pleno do concello, pero o procedemento podía iniciarse por petición dos propios concellos ou por iniciativa da Administración turística autonómica.

Polo que respecta á tramitación dos expedientes de declaración de municipio turístico, correspóndelle a Turismo de Galicia. Deste xeito, asume as competencias do “centro directivo competente en materia de turismo” da regulación agora vixente. A proposta de resolución ditaraa a persoa titular de Turismo de Galicia, correspondendo a declaración ao Consello da Xunta de Galicia que o fará mediante acordo, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*. No decreto vixente, o procedemento era iniciado pola delegación provincial da consellería competente en materia de turismo que o elevaba ao centro directivo competente, no cal unha comisión de valoración (da cal agora se prescinde) era a encargada de formular a proposta de resolución que a consellería competente en materia de turismo eleva ao Consello da Xunta.

Outras das principais novidades refírese á competencia para a revogación das declaracións que na lexislación vixente correspondía ao Consello da Xunta. No proxecto de decreto compete á Axencia Turismo de Galicia.



A XUNTA DE GALICIA ASUME A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA EDAR DE RIBADUMIA, QUE PRESTA SERVIZO DE DEPURACIÓN A 35.000 HABITANTES

- *A través desta infraestrutura hidráulica préstanse servizos de depuración aos municipios de Ribadumia, Cambados, Meaño e Vilanova de Arousa, o que supón atender case 35.000 habitantes beneficiarios*
- *O convenio ten un período de validez de catro anos a partir da data da sinatura da acta de comprobación das instalacións, pero pode ser renovado por período de catro anos se non existe denuncia por calquera das partes*
- *Para levar a cabo este acordo, precisárase un financiamento de máis de dous millóns de euros que se repartirán en cinco anualidades, sendo a primeira este mesmo ano*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, e a Mancomunidade do Salnés para establecer as condicións en que a entidade pública empresarial Augas de Galicia asume a xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Ribadumia.

A Mancomunidade do Salnés é unha Administración pública de carácter local que está integrada por nove concellos que conforman a comarca do Salnés: Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo e O Grove; e exerce, entre outras, as competencias de depuración das augas residuais en depuradoras que afectan dous ou máis concellos, entre elas atópase a EDAR de Ribadumia.

A través desta infraestrutura hidráulica préstanse servizos de depuración aos municipios de Ribadumia, Cambados, Meaño e Vilanova de Arousa, o que supón atender case 35.000 habitantes beneficiarios.

Esta entidade local solicitou a asunción por Augas de Galicia da explotación das instalacións, polo que fará entrega para a súa xestión das instalacións, incluídas aquelas que en substitución ou mellora delas poidan realizarse no futuro. A Consellería de Medio Ambiente levará a cabo a súa explotación nas condicións técnicas adecuadas á súa capacidade de deseño e ás exigencias ambientais vixentes, realizando as tarefas precisas para a súa correcta conservación e mantemento. Cabe sinalar que a asunción da prestación por parte de Augas de Galicia en ningún caso supón que a Administración hidráulica da Comunidade Autónoma asuma a titularidade das instalacións xestionadas



O convenio ten un período de validez de catro anos a partir da data da sinatura da acta de comprobación das instalacións, pero pode ser renovado por período de catro anos se non existe denuncia por calquera das partes.

Para levar a cabo este acordo, precisarase un financiamento de máis de dous millóns de euros que se repartirán en cinco anualidades, sendo a primeira este mesmo ano.

ANO	AUGAS DE GALICIA
2014	41.931,30
2015	524.414,13
2016	524.414,13
2017	503.175,61
2018	461.244,31
Total	2.055.179,48

Compromisos

En relación cos compromisos que adquiren as partes unha vez asinado o convenio, a Xunta de Galicia terá que asumir os gastos que deriven da prestación do servizo, que se financiará mediante o coeficiente de vertedura.

Así mesmo, terá que facilitarlle á entidade local a información técnica que lle solicite co fin de avaliar os resultados da explotación, as condicións de mantemento e as características da calidade das augas que, procedentes da rede de saneamento municipal, desembocan na estación depuradora; notificarlle ao concello a detección de verteduras contaminantes que superen os límites legalmente establecidos e calquera incidencia que poida comprometer o proceso de depuración e afectar o medio receptor; e, por último, colaborar na elaboración e posterior seguimento do Plan de control de verteduras.

Pola súa banda, a Mancomunidade do Salnés terá que asumir os custos extraordinarios provocados por influencias de calidade inadecuada recibidos nas instalacións xestionadas por Augas de Galicia que deriven da responsabilidade municipal en relación coa xestión das redes de saneamento; realizar un estrito seguimento e control do cumprimento do Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración



de augas residuais de Galicia; ter un censo actualizado dos permisos de vertedura, que se remitirá a Augas de Galicia con periodicidade anual, xunto cos informes analíticos de seguimento destas verteduras; e a elaboración e aprobación dun Plan de control de verteduras, no prazo máximo de seis meses desde a data de sinatura deste convenio, así como a súa aplicación, financiamento e seguimento continuado.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO POLO QUE AUGAS DE GALICIA PASA A XESTIONAR A DEPURADORA DE PONTE CALDELAS, QUE DÁ SERVIZO A CASE 5.700 VECIÑOS

- *Este convenio, cuxa vixencia é de catro anos supón unha achega de preto de 780.000 euros por parte de Augas de Galicia*
- *Augas de Galicia deberá asumir os gastos que deriven da prestación do servizo e facilitarlle á entidade local a información técnica que lle solicite co fin de avaliar os resultados da explotación e a calidade das augas*
- *Pola súa banda, o Concello de Ponte Caldelas deberá ter un censo actualizado dos permisos de vertedura, que lle remitirá a Augas de Galicia con periodicidade anual, xunto cos informes analíticos de seguimento destas verteduras*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ponte Caldelas para a asunción da explotación da estación depuradora de augas residuais (EDAR) deste municipio pontevedrés.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións en que a entidade pública empresarial Augas de Galicia asume a xestión e explotación da estación depuradora de Ponte Caldelas.

Este acordo, cuxa vixencia é de catro anos a partir da data da sinatura da acta de comprobación das instalacións, supón unha achega de preto de 780.000 euros por parte de Augas de Galicia.

O Concello de Ponte Caldelas entrega para a súa xestión as instalacións da EDAR e bombeo previo e aquelas que en substitución ou mellora delas poidan realizarse no futuro, á entidade pública empresarial Augas de Galicia. O obxecto do convenio é que o organismo autonómico leve a cabo a súa explotación, nas condicións técnicas adecuadas á súa capacidade de deseño e ás exixencias ambientais vixentes, realizando as actuacións precisas para a súa correcta conservación e mantemento. Estas infraestruturas benefician unha poboación de 5.668 habitantes.

Augas de Galicia recibirá as instalacións para os efectos de xestión, sendo pola súa conta as operacións precisas para levar a cabo unha correcta explotación. A asunción da prestación por parte de Augas de Galicia en ningún caso supón que a Administración hidráulica da Comunidade Autónoma asuma a titularidade das instalacións xestionadas.

Obrigas das partes

Por unha parte, Augas de Galicia deberá asumir os gastos que deriven da prestación do servizo. Este organismo tamén terá que facilitarlle á entidade local a información



técnica que lle solicite co fin de avaliar os resultados da explotación, as condicións de mantemento e as características da calidade das augas que, procedentes da rede de saneamento municipal, desembocan na estación depuradora.

Pola súa banda, o Concello de Ponte Caldelas deberá asumir os custos extraordinarios provocados por influentes de calidade inadecuada recibidos nas instalacións xestionadas por Augas de Galicia que deriven da responsabilidade municipal en relación coa xestión das redes de saneamento. Tamén terá que realizar un estrito seguimento e control do cumprimento do Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia. Ademais deberá ter un censo actualizado dos permisos de vertedura, que se remitirá a Augas de Galicia con periodicidade anual, xunto cos informes analíticos de seguimento destas verteduras.



A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE DO CONCURSO EÓLICO CUN INVESTIMENTO DE 17,5 MILLÓNS NOS CONCELLOS DA CAÑIZA E COVELO

- ***O eólico de Chan do Eixo contará con catro aeroxeradores que suman 12 MW e producirán máis de 30.100 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de máis de 7.000 fogares galegos***
- ***Trátase do noveno parque do concurso aprobado no que vai de ano, acadando un total de 218 MW e un investimento de preto de 305 millóns***
- ***A través dos plans industriais asociados, as empresas adxudicatarias do concurso eólico levan mobilizado 850 millóns e xerado 1.800 empregos directos, máis da metade dos comprometidos ata o 2020***

O Goberno galego segue a traballar na reactivación do sector eólico en Galicia co obxectivo de recuperar o liderado. Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou hoxe un novo parque do concurso galego, o eólico de Chan do Eixo, situado entre os concellos pontevedreses da Cañiza e Covelo. A infraestrutura, que recolle un investimento de preto de 17,5 millóns, estará composto por catro aeroxeradores que, cunha potencia total de 12 MW, producirán máis de 30.100 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de máis de 7.000 fogares galegos.

A aprobación desta instalación, promovida por Chan do Eixo, S.L., supón un importante avance na aposta estratéxica da Xunta de Galicia polo desenvolvemento desta enerxía así como polo impulso do concurso eólico. Neste sentido, trátase do noveno parque do concurso aprobado no que vai de ano, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondingo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste e Xinzo Norte, acadando un total de 218 MW e un investimento de preto de 305 millóns.

Cómpre destacar que a Consellería de Economía e Industria está a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Por este motivo, ten activado distintas medidas fiscais, técnicas e financeiras consensuadas co sector que dinamizan a posta en marcha de proxectos.

Así, aprobouse a modificación da lei que permite trasladar a constitución do aval do momento da concesión administrativa ao do inicio da construción, o que supón un aforro medio de máis de 23.000 euros anuais por parque; estanse a impulsar as repotenciacións de parques; e facilítase a desistencia total ou parcial de MW, sempre que non se altere o resultado do concurso, co obxectivo de que os proxectos viables saian adiante. Así mesmo, cómpre salientar que a través dos plans industriais asociados, as empresas adxudicatarias do concurso eólico levan mobilizado 850 millóns e xerado 1.800 empregos directos, máis da metade dos comprometidos ata o 2020.



Dentro desta estratexia, o Goberno galego ten moi en conta ás administracións locais, de xeito que por medio do canón eólico recadáronse xa máis de 114 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto suporá unha importante fonte de financiamento para os concellos da Cañiza e Covelo, que poderán beneficiarse da recadación obtida do mencionado canon.



CULTURA E EDUCACIÓN ASINARÁ CO CONCELLO DE OROSO UN CONVENIO PARA A XESTIÓN DO COMEDOR ESCOLAR DO NOVO CEIP DE SIGÜEIRO

- ***A Consellería financiará con preto de 43.500 euros este servizo complementario, fundamental para a conciliación da vida laboral e familiar***
- ***O departamento educativo da Xunta xa ofreceu no mes de xuño ao Concello subscribir este acordo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Oroso para a prestación do servizo de comedor escolar no CEIP de Oroso, en Sigüeiro, por un importe de 43.365 euros nos cursos 2014-2015 e 2015-2016. Cómpre sinalar que a proposta de convenio de comedor escolar xa fóra ofertada pola Consellería no mes de xuño, pero non foi ata iniciado o curso escolar cando o Concello solicitou a adhesión ao acordo para un número máximo de 49 alumnos.

No marco deste acordo de colaboración, a Consellería subvencionará os menús do comedor escolar durante os dous vindeiros anos para - segundo a solicitude realizada polo Concello de Oroso - un máximo de 49 usuarios, cunha achega de 2,5 euros por día e usuario. Pola súa banda, o Concello de Oroso comprométese á elaboración dos menús escolares, á repartición e recolla deles nas mesas do comedor; así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

Con este tipo de acordos, o departamento que dirixe Xesús Vázquez Abad reafirma o seu compromiso con este tipo de servizo complementario educativo que resulta fundamental para a conciliación da vida laboral e familiar e tamén para que os escolares adquiran hábitos nutricionais e hixiénicos saudables.

Cómpre lembrar que o convenio con Oroso -unha vez que se formalice nos vindeiros días-, engadirase aos xa asinados o ano pasado cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Mugardos, Muíños e Santiago de Compostela para a prestación do servizo de comedor escolar en 33 centros educativos.

No pasado curso 2013/14 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinou 29,7 millóns de euros aos comedores que xestiona de forma directa e indirecta, así como ao cofinanciamento dos comedores xestionados polos concellos e polas ANPAS. Esta cifra supón duplicar o orzamento de 14,6 millóns que se destinaba en 2007 a este mesmo fin. Ademais, o número de prazas de comedores incrementouse en 13.731 desde o curso 2008/09, ata chegar ás 71.731 no 2014/15.

En Galicia, o 83,47% dos usuarios dos comedores escolares xestionados pola Consellería utilizan o servizo totalmente de balde ou pagando tan só un euro, mentres



que a contía máxima de 4,5 euros/día tan só o aboan un 12,3% dos usuarios. Esas cifras confirman que o servizo de comedor escolar en Galicia, baseado na renda familiar, é un dos sistemas máis xustos e asequibles para as familias de todo o Estado español.



A XUNTA PORÁ EN MARCHA O ARQUIVO HISTÓRICO DOCUMENTAL DE GALICIA NO MARCO DO PROXECTO DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ARPAD

- ***Albergará un conxunto inicial de 50.000 documentos dixitalizados dos Arquivos do Reino de Galicia, do Histórico Provincial de Ourense e do Arquivo Municipal de Tui***
- ***Será compatible con proxectos europeos como EURPEANA, punto común de acceso aos fondos das bibliotecas, arquivos e museos de toda Europa***
- ***Esta actuación desenvolverase grazas á sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Concello de Tui***

A Xunta de Galicia porá en marcha o Arquivo Histórico Documental de Galicia, unha das iniciativas do proxecto ARPAD enmarcado nos programas de cooperación transfronteiriza España-Norte de Portugal (POCTEP). Esta actuación articularase grazas á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e o Concello de Tui, a través do cal se instrumenta a dixitalización dos fondos.

O acordo, autorizado hoxe polo Consello da Xunta, establece a dixitalización inicial de 50.000 documentos, procedentes do Arquivo do Reino de Galicia, do Arquivo Histórico Provincial de Ourense e do Arquivo Municipal de Tui.

Segundo establece o convenio, a Consellería de Cultura e Educación contratará o servizo de dixitalización de fondos do patrimonio histórico que albergan os arquivos implicados no proxecto que dependen dela, os do Reino de Galicia, e o Histórico Provincial de Ourense. Pola súa banda, o Concello de Tui financiará a dixitalización dos fondos do seu Arquivo Municipal, e a AMTEGA será a responsable das actividades que se desenvolvan e da coordinación xeral do proxecto. O importe total do convenio ascende a 90.000 euros, dos cales a Xunta - a través de Cultura e Educación- asumirá algo máis do 33%.

O Proxecto ARPAD, que foi presentado en novembro de 2013, ten como obxectivos a creación do Arquivo Dixital de Galicia, a conservación e difusión do patrimonio documental conxunto, a habilitación de servizos dixitais e a eliminación do papel nas relacións administrativas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. As medidas que se desenvolverán no marco desta iniciativa permitirán a interconexión dos rexistros da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para que cidadáns e empresas poidan presentar documentación con total validez independentemente da Administración de destino



Proxecto ARPAD

O Proxecto ARPAD, liderado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, está dotado con 4,7 millóns de euros, cofinanciados nun 75% por fondos Feder. As actuacións previstas, que se desenvolverán ata o verán de 2015, complementan as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia no Plan de modernización da Administración autonómica para ofrecer uns servizos públicos dixitais de calidade desde o sector público galego.

Nel participan sete socios. Xunto coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria interveñen a Amtega, líder da iniciativa, a Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; o Centro Informático para a Xestión Tributaria a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) da Consellería de Facenda; a Comunidade Intermunicipal do Minho-Lima (CIM Alto Miño,) que integra dez concellos do norte de Portugal; o Concello de Tui e a Deputación de Pontevedra.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ACHEGARÁ 4,5 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCIÓN DO CENTRO DO CAMPUS DA AUGA, QUE CONVERTERÁ OURENSE NUN REFERENTE DA I+D NESTA MATERIA

- *Trátase da primeira estratexia de especialización dun campus universitario non central en Galicia*
- *O obxectivo é potenciar a importante actividade investigadora que se está a desenvolver na provincia neste eido, fomentando ao tempo as sinerxías a nivel internacional*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo a través do que o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad destinará 4,5 millóns de euros á construción do edificio que será destinado primordialmente a usos de investigación, aínda que albergará tamén a sede institucional do Campus da Auga. O centro acollerá, ademais, os labores de investigación dos diferentes clústeres que integran o proxecto Campus da Auga.

Iniciativa pioneira no Sistema universitario español

A importancia do Campus da Auga radica na oportunidade para establecer en Ourense un campus líder en temáticas da auga, aproveitando o potencial termal da provincia e de que se trata da primeira iniciativa de especialización dun campus non central en España, unha vez que o Goberno autonómico xa deu luz verde en novembro de 2013 ao proceso de creación do Campus da Auga da Universidade de Vigo no campus da cidade das Burgas.

Previamente, no ano 2012 o Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a UVIGO para elaborar o plan estratéxico do Campus da Auga (Ourense) e o programa de necesidades funcionais e usos da futura sede. O plan estratéxico tivo como misión vertebrar a estratexia de implantación do Campus da Auga co fin de consolidalo como un centro de referencia e excelencia e dotar de personalidade científica o Campus de Ourense.

O Campus da Auga busca potenciar a singularidade e especialización que existe en Ourense arredor das temáticas da auga, aproveitando o potencial de Ourense, segunda cidade europea en potencial termal (despois de Budapest) con máis de 4 millóns de litros de auga mineromedicinal. Ademais axudará a dar visibilidade á actividade que desenvolven en Ourense arredor da auga 49 grupos de investigación formados por 341 investigadores, que contan xa cunha importante infraestrutura de investigación, desenvolvemento e de transferencia de coñecemento, que se desenvolve nas



facultades de Ciencias, Ciencias Empresariais e Turismo, Dereito, Ciencias da Educación, Historia e na Escola Superior de Enxeñería Informática.

A posta en marcha do Campus da Auga

O edificio obxecto do convenio autorizado hoxe nace coa vocación de ser o novo centro de referencia en materia de investigación relacionada coa auga. En consecuencia debe actuar como xerme da futura transformación que sufrirá o campus para acomodarse ás necesidades reais da comunidade científica galega.

Esta infraestrutura será destinada primordialmente a usos de investigación, aínda que albergará tamén a sede institucional do Campus da Auga. O centro acollerá os labores de investigación dos diferentes clústeres que integran o proxecto Campus da Auga.

O edificio contará cunha superficie total aproximada de 3.570 metros cadrados, que se repartirán entre a sede corporativa, o centro de supercomputación, os laboratorios especiais e o aparcadoiro. Entre os seus fins estará o de albergar os labores de investigación dos diferentes clústeres que integran o proxecto Campus da Auga, en concreto un dedicado ás áreas de especialización de alimentación, ambiente e TIC; e outro ás áreas de especialización de xestión do recurso auga, innovación social e educativa, turismo e patrimonio cultural.

A construción contará cunha superficie total aproximada de 3.570 metros cadrados e o custo das actuacións elévase a 4.608.971,80 euros, dos cales a Xunta de Galicia achegará 4.499.000 euros

Con esta iniciativa de traballo búscase especialmente establecer liñas de actuación conxunta entre a Universidade, o tecido empresarial, económico, social e cultural da provincia e as administracións públicas, de forma que o Campus da Auga teña un forte impacto no tecido socioeconómico da provincia de Ourense. Neste sentido cómpre lembrar que a iniciativa se enmarca no Plan Impulsa Ourense, promovido polo IGAPE, que define os eixes estratéxicos, obxectivos, liñas de actuación e actuacións concretas para o impulso económico da provincia de Ourense (2011-2018); en concreto na proposta do Eixe 2 para "a capitalización humana, a adecuación da oferta formativa ás necesidades dos sectores estratéxicos da provincia, como base fundamental para poder impulsar estes sectores no contexto ourensán".



A XUNTA APROBA UNHA NOVA NORMATIVA SANITARIA MORTUORIA QUE SIMPLIFICA TRÁMITES ÁS EMPRESAS DO SECTOR

O Executivo galego reunido no día de hoxe aprobou o texto do proxecto de Decreto de sanidade mortuoria de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo. Con esta nova normativa, que ten como finalidade adecuar a normativa autonómica en materia de policía sanitaria mortuoria aos cambios que se produciron na prestación de servizos como consecuencia da Directiva 206/123/CE e as normas de transposición ao dereito estatal e autonómico, simplifícanse os trámites das empresas funerarias, en aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

Entre os principais puntos destacados desta normativa cómpre sinalar que se habilita a posibilidade dunha vía para a regularización dun gran número de cemiterios existentes que non tivesen solicitado ou concedido a correspondente autorización sanitaria, a fin de que poidan ser regularizados, sempre que cumpran unha serie de requisitos mínimos.

Ademais, simplifícanse os trámites para as entidades de servizos funerarios. Así, presentarán unicamente unha declaración responsable cando teñan establecementos na Comunidade Autónoma, a fin de realizar as correspondentes inspeccións. Igualmente, simplifícanse os requisitos técnicos do equipamento dos establecementos e do persoal necesario.

Así mesmo, os concellos como entidades máis próximas á cidadanía, incrementan as súas competencias, limitando o papel da Administración autonómica á realización de informes e comprobacións de cumprimento da normativa.

Xunto a todo o anteriormente sinalado, elimínase a distinción entre cemiterios parroquiais, confesionais e particulares, entendendo que o determinante para efectos sanitarios é o uso da instalación.



O NOVO PLAN MARCO 2014-2015 INCREMENTARÁ EN MÁIS DUN 82% A DOTACIÓN ECONÓMICA AOS CONCELLOS DE GALICIA PARA A MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e cada unha das catro deputacións provinciais de Galicia para financiar as actuacións deste plan***
- ***A través destes convenios os concellos de Galicia beneficiaranse de máis de 25,5 millóns de euros para a ampliación, mellora e mantemento de camiños de titularidade municipal***
- ***Unha das novidades que inclúe este ano o Plan marco é que unha parte importante do cofinanciamento será achegado polas deputacións provinciais***
- ***Os concellos da provincia da Coruña recibirán máis de 8 millóns de euros, os de Lugo preto de 7 millóns, os de Ourense contarán con preto de 6 millóns de euros e os da provincia de Pontevedra con preto de 5 millóns de euros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e cada unha das catro deputacións provinciais de Galicia para financiar as actuacións do Plan marco de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, cofinanciado con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2015. A través destes convenios os concellos de Galicia beneficiaranse de máis de 25,5 millóns de euros para a ampliación, mellora e mantemento de camiños de titularidade municipal. Esta contía supón un incremento de máis do 82% respecto da do Plan marco 2013-2014, que foi de preto de 14 millóns de euros.

Este incremento permitirá atender proxectos que melloren un maior número de camiños, o que repercute nunha mellora das condicións de vida dos residentes nas áreas rurais, poñendo en valor as dotacións existentes de infraestruturas básicas. Ademais o Plan marco 2014-2015, impulsado pola Consellería do Medio Rural e do Mar, inclúe como novidade que unha parte importante do cofinanciamento será achegado polas deputacións provinciais. Deste xeito, abórdase o desenvolvemento rural dende unha perspectiva integral e refórzase a colaboración entre as administracións co obxectivo de pór en marcha actuacións que redunden na mellor prestación de servizos á poboación por parte dos concellos.

Os criterios de repartición para desenvolver o Plan marco de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015 foron consensuados entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Así, os concellos da provincia da Coruña recibirán máis de 8 millóns de euros, os de Lugo preto de 7 millóns, os de Ourense contarán con preto de 6 millóns de euros e os da provincia de Pontevedra con preto de 5 millóns de euros.



O novo cofinanciamento do Plan marco distribuirase de xeito que o 75% irá con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), o MAGRAMA achegará un 12,13% dos fondos e a Xunta e as deputacións provinciais o 12,87% restante. Os concellos beneficiarios das achegas serán os encargados do pagamento do imposto sobre o valor engadido (IVE). Esta repartición amosa a colaboración ordenada de todas as administracións, baixo a coordinación da Xunta de Galicia. A vixencia destes convenios estenderase desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2015.

Plan marco

O Plan marco 2014-2015 é continuación do de 2013-2014. O seu obxectivo principal é mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais, poñendo en valor as dotacións existentes de infraestruturas básicas, e levar a cabo actuacións dirixidas a fomentar a implantación e mellora dos servizos básicos demandados pola poboación rural.

O feito de que todos os concellos da nosa comunidade poidan dispor duns fondos preestablecidos para a mellora da súa rede viaria resulta fundamental despois dun inverno que provocou estragos nos camiños de titularidade municipal.



A XUNTA INICIA A DIXITALIZACIÓN DAS MÁIS DE 500 OFICINAS INTEGRADAS NO SISTEMA ÚNICO DE REXISTRO, QUE REMATARÁ EN 2016

- *A Administración autonómica iniciou en 2012 unha reformulación do modelo de rexistro, unificando o seu funcionamento e establecendo o traballo en rede das oficinas*
- *Este ano completouse a implantación do sistema informático común, AIRES, en todas estas unidades*
- *Estase a traballar no Sistema de interconexión de rexistros que posibilitará o intercambio dos documentos rexistrados en formato electrónico coa Administración central*
- *En 2015 entrarán en funcionamento o servizo o Chave 365 para a tramitación en liña empregando claves concertadas a través do móbil e a cita previa para as oficinas de rexistro a través da web da Xunta*

A Xunta de Galicia inicia este ano a dixitalización das 532 oficinas integradas no Sistema único de rexistro, que aglutina a todos os órganos, servizos e unidades tanto da Administración autonómica como local que realizan esta función. O obxectivo é completar este proceso en 2016, segundo se recolle no informe sobre “Implantación do Sistema único de rexistro da Xunta” remitido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) ao Consello do Goberno galego.

Segundo se indica no documento, a Amtega comezará a dotar de medios para a dixitalización e compulsa electrónica a todas estas unidades para que calquera documento que entre nestas unidades sexa dixitalizado e compulsado electrónicamente, se é preciso, para conformar o expediente administrativo dixital e eliminar o uso do papel en toda a relación entre cidadáns, empresa e a Administración. No último trimestre do ano iniciárase a pilotaxe de dixitalización nunha das oficinas do Sistema de rexistro único.

Este proceso forma parte da modernización do sistema de rexistro que a Amtega iniciou en 2012, unificando o funcionamento dos rexistros e establecendo o traballo en rede das oficinas de rexistro autonómicas e locais. O obxectivo é garantir tanto ao cidadán como á Administración pública a rastrexabilidade da documentación, a automatización dos procesos, a redución dos tempos de tránsito entre os rexistros e a eliminación do uso de papel.

Un único sistema informático para todos os rexistros

En 2014 completouse a implantación da sistema informático común, AIRES, en todas estas unidades para o rexistro de entradas e saídas de documentos. AIRES facilita unha numeración única e correlativa para todas as oficinas de rexistro, a expedición dun número de anotación e un recibo acreditativo para o cidadán no momento da



presentación do documento, que lle permitirá facer un seguimento deste e recuperar anotacións que se envíen de rexistro a rexistro.

A implantación de AIRES realizouse acompañada dun plan de comunicación e formación con preto de 137 cursos para máis de 1.000 usuarios. Ademais, as oficinas de rexistro foron dotadas do equipamento necesario para as funcionalidades do novo sistema coa distribución de máis de 600 impresores de etiquetas e 350 lectores de código de barras.

Sistema de interconexión de rexistros

Paralelamente ao proceso de dixitalización das oficinas, porase en marcha o Sistema de interconexión de rexistros (SIR) que permite o intercambio de asentos rexistrais entre a Administración autonómica e a Administración xeral do Estado.

É un factor fundamental para que os cidadáns poidan resolver as súas xestións coas administracións públicas nun único procedemento ou trámite, independentemente do nivel administrativo a que se acheguen.

Máis de 3 millóns de anotacións en 2014

Nos primeiros oito meses de 2014 realizáronse preto de tres millóns de anotacións no Sistema único de rexistro da Xunta, das cales 700.000 foron realizadas a través do rexistro electrónico. O incremento no uso deste rexistro da Sede electrónica da Xunta foi progresivo desde 2012 e calcúlase que este ano pode superar, por primeira vez, o millón de anotacións

Novos servizos

A modernización do sistema de rexistro é un dos eixes principais do impulso da Administración electrónica que está a realizar a Xunta e que en 2015 incorporará novos servizos como Chave 365 e a cita previa.

Con Chave 365, a Xunta simplificará a xestión telemática coa Administración facilitando o uso de claves concertadas para acceder á sede electrónica. Para ser usuario deste sistema só será necesario darse de alta no servizo, verificando a súa identidade nas oficinas de rexistro habilitadas ou ben a través da sede electrónica.

Unha vez verificada a súa identidade, o usuario recibirá no seu móbil unha clave de acceso, que empregará xunto co seu NIF para acceder á sede electrónica.

Deste xeito cada vez que queira realizar unha xestión, introducirá a clave de acceso e o NIF na sede electrónica e recibirá automaticamente no seu móbil un código de sinatura dun só uso e válido durante 24 horas para realizar o trámite.



Con este servizo a Xunta quere para evitar que as persoas menos familiarizadas co emprego das novas tecnoloxías queden excluídas dos servizos electrónicos.

En 2015 entrará en funcionamento tamén un sistema de cita previa, a través do portal xunta.es que permita planificar a xestión das oficinas de rexistro. Trátase de garantir unha atención máis óptima e áxil a certos colectivos, cun gran volume de documentación para a presentación ou compulsa.



A XUNTA APOSTA POLO EMPRENDEMENTO COMERCIAL APOIANDO A APERTURA DE MÁIS DE 170 NOVOS ESTABLECEMENTOS

- *O programa, posto en marcha por primeira vez pola Consellería de Economía e Industria, destina máis de 750.000 euros á mellora do comercio de proximidade e á creación de emprego*
- *Impúlsase a creación de locais comerciais en distintos sectores como o téxtil, que suma máis do 35% dos establecementos apoiados; o alimentario, con case un 20%; ou o dos mobles, cun 15%*
- *O 70% das iniciativas están promovidas por beneficiarios que se atopaban en situación de desemprego*
- *Finánciase ata o 50% do custo do acondicionamento de locais comerciais, a mellora da súa imaxe exterior, e o impulso das novas tecnoloxías da información e da comunicación*
- *No que levamos de ano, o Goberno galego ten destinado 10 millóns de euros a diferentes programas de apoio para potenciar o sector comercial*

A Xunta de Galicia ten no comercio galego unha das actividades fundamentais para a recuperación económica. Neste sentido, o Consello da Xunta informou hoxe da resolución da convocatoria de axudas destinada ao fomento do emprendemento comercial, que permite apoiar a apertura de 173 novos establecementos na Comunidade fomentando a creación de emprego no comercio de proximidade.

Así, o Goberno galego destina máis de 750.000 euros a un novo programa posto en marcha por primeira vez este ano, e que permitirá a apertura de locais comerciais en distintos sectores como o téxtil, que suma máis do 35% dos establecementos; o alimentario, con case un 20%; ou o dos mobles, cun 15%. Para isto, finánciase ata o 50% do custo do acondicionamento dos locais, a mellora da súa imaxe exterior, e o impulso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, facilitando deste xeito aos comercios unha mellor atención ao público co fin de incrementar as súas vendas.

Entre os principais criterios de valoración, primouse o feito de que o solicitante fose unha persoa que se atopase en situación de desemprego durante o último ano. Neste sentido, cómpre salientar que o 70% dos proxectos serán impulsados por desempregados.

Así mesmo, favorecéronse as iniciativas comerciais a desenvolver nas provincias de Lugo e Ourense, nas cales se levan a cabo case o 42% dos proxectos seleccionados, xunto coas das comarcas de Ferrolterra e Costa da Morte, ao abeiro dos respectivos plans de dinamización. Ademais, incentivouse, dunha banda, o exercicio da actividade nos municipios de menos de 5.000 habitantes e, doutra, o asociacionismo comercial.



Con este novo programa incídese no impulso ao emprendemento no tecido comercial, complementando as iniciativas fomentadas na nova Lei do emprendemento e da competitividade de Galicia, entre as cales destacan a simplificación administrativa grazas á eliminación con carácter xeral das licenzas municipais de obra e actividade.

Á resolución deste programa de apoio súmase á doutro tipo de ordes que se están a impulsar no marco do impulso ao comercio de proximidade como dinamizador da actividade económica das vilas e cidades galegas. Así, véñense de resolver axudas por preto de 2 millóns de euros para o impulso ao comercio de proximidade das cales se benefician 52 centros comerciais abertos de toda Galicia e 22 asociacións de praceiros; ou o programa de apoio aos concellos galegos para a renovación das infraestruturas comerciais e potenciación das prazas de abastos, cunha dotación de case 4 millóns.

Deste xeito, no que levamos de ano, a Consellería de Economía Industria ten posto xa á disposición dos comerciantes galegos 10 millóns co fin de potenciar un tecido comercial diverso, moderno, competitivo e de calidade.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINOU 48 MILLÓNS DE EUROS NOS 3 ÚLTIMOS ANOS Á CONCESIÓN DE 311 AXUDAS Á CONSOLIDACIÓN DOS INVESTIGADORES DA UNIVERSIDADE GALEGA

- ***Confírmase así a aposta da Xunta polo coñecemento e o I+D+i como motor do futuro de Galicia, de tal forma que Galicia é hoxe un referente estatal no apoio á investigación nas universidades públicas***
- ***O importe da convocatoria de 2014 multiplicou por dous a media das convocatorias dos anos anteriores á crise económica***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinou nos anos 2012, 2013 e 2014 un total de 48 millóns de euros á concesión de 311 axudas para consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas do Sistema universitario de Galicia (SUG), mediante as modalidades de grupos de referencia competitiva, grupos con potencial de crecemento e redes de investigación. Así se desprende do informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, no que se aprecia a aposta do Goberno galego polo coñecemento e o I+D+i como motor do futuro de Galicia, ao abeiro do Plan I2c. De feito, as devanditas axudas duplican case as 173 concedidas nos anos 2006, 2007 e 2008, en tempos de bonanza económica, ás que o anterior executivo destinara 34,35 millóns de euros.

Así, Galicia é hoxe referencia estatal no que atinxe ao apoio investigador en universidades públicas, sendo a única comunidade que é quen non só de manter, senón de incrementar os niveis de axudas a grupos competitivos de investigación por enriba dos importes anteriores á crise económica. De feito a resolución da convocatoria de 2014, que acaba de publicarse, multiplicou por dous a media das convocatorias dos anos 2006, 2007 e 2008: 20,7 millóns de euros, case un 71% máis ca maior cantidade destinada antes de que comezara a crise (14,4 millóns en 2007). Ao abeiro dela concedéronse este ano 141 axudas a outros tantos grupos de investigación universitarios, o maior número desde que se creou esta convocatoria en 2006. Aos grupos financiados neste 2014 cómpre engadir os que están a ser financiados con cargo a convocatorias anteriores, nun número de 326, o que supón que neste momento están vivas 467 axudas a grupos de investigación universitarios.

Cómpre lembrar, a maiores destas axudas, que desde 2011 - cando o departamento dirixido por Vázquez Abad asumiu competencias en investigación universitaria- a Consellería de Cultura e Educación autorizou e financiou a contratación indefinida ou temporal de 100 profesores de perfil investigador nas universidades galegas. Deste xeito o Sistema universitario de Galicia (SUG) foi quen de reter á práctica totalidade de investigadores de alto nivel ligados aos programas competitivos nacionais e autonómicos (Ramón y Cajal, Parga Pondal e similares).



Modalidades

Os importes das axudas a grupos van destinados a financiar conceptos que se relacionen coa actividade de consolidación tales como o custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar, o pequeno equipamento e material funxible, o material bibliográfico e adhesión a sociedades científicas, ferramentas de xestión do coñecemento e a información, a formación dos membros do grupo ou a organización de actividades de difusión, entre outros.

As axudas para grupos de referencia competitiva van dirixidas á consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema galego de innovación. Serán de aplicación por un período de dúas anualidades prorrogables a outras dúas, mediante o pagamento anual dunha contía fixa máis outra variable asociada á evolución na xeración de recursos por parte do grupo como un indicador xenérico da súa competencia e capacidade de consolidación. Así, a axuda constará de dous módulos, un fixo, por importe de 50.000 euros anuais; e outro variable, acumulable ao anterior, en función dos ingresos anuais medios do grupo nos tres exercicios anteriores á concesión, e que será de entre 20.000 e 50.000 euros ao ano.

No caso dos grupos con potencial de crecemento (GPC), a convocatoria diríxese á consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D amosan potencial de crecemento ata converterse en grupos de referencia do SUG. As axudas serán de aplicación por un período de dous anos (3 anualidades), mediante o pagamento anual dunha contía fixa de 35.000 euros.

No referido ás redes de investigación apoiaranse grupos que promoven o desenvolvemento dun plan de actuacións en rede que permita conformar novas capacidades científicas e abordar con maior efectividade novos obxectivos en investigación. A bolsa consistirá nunha contía fixa anual de 60.000 euros, de aplicación por un período de dous anos.



SANIDADE TEN EN MARCHA O SÉTIMO ESTUDO SOBRE CONDUCTAS DE RISCO NA POBOACIÓN GALEGA ADULTA

- ***O obxectivo é avaliar os programas de saúde pública para promover condutas saudables e prácticas preventivas na poboación galega***

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, ten en marcha o sétimo estudo realizado nesta comunidade sobre diferentes condutas de risco na poboación galega adulta, como son, entre outros, o tabaco, a nutrición e a actividade física.

O obxectivo do Sistema de información sobre condutas de risco (SICRI), posto en marcha no ano 2004, é avaliar os programas de saúde pública que ten en marcha a Consellería de Sanidade para promover condutas saudables e prácticas preventivas na poboación galega.

Esta iniciativa enmárcase dentro das actividades de apoio o Plan de prioridades sanitarias e complementa aquelas actuacións que a Xunta de Galicia desenvolve no eido da promoción e protección da saúde. Ademais, forma parte das actividades de vixilancia en Saúde Pública.

Metodoloxía

O SICRI, para obter a información, selecciona persoas a partir dun marco de mostraxe concreto, coa intención de proporcionar datos representativos de 8 subpoboacións de Galicia –homes e mulleres de 16 a 24, de 25 a 44, de 45 a 64 e de 65 ou máis anos-.

A recollida de información é continua e fanse un número determinado de enquisas telefónicas durante todos os meses do ano. En total realízanse preto de 700 enquisas ao mes sobre os 8 subgrupos de poboación.

Durante o ano 2014 está previsto enquisar aproximadamente 8.000, a metade homes e a outra mulleres, para obter datos sobre hábito tabáquico e exposición ao fume ambiental de tabaco, actividade física, consumo de alcohol e hábitos alimentarios entre outros.

Últimos resultados

Unha das condutas de risco que analiza este estudo é o tabaco, factor de risco evitable que máis mortalidade causa en Galicia.

Neste eido, grazas á serie de datos existente dende o 2004 é posible avaliar o impacto das dúas leis regulatorias do tabaco aprobadas dende entón. Estes datos permiten constatar que grazas á aprobación no 2010 da Lei 42/2010 que modifica a Lei



28/2005 e regula o consumo de tabaco en lugares de ocio, os galegos que dicían estar expostos ao fume ambiental de tabaco baixaron ao 28%, mentres que no 2005 eran un 96%.

Doutra banda, a obesidade é un factor de risco de moitas enfermidades, especialmente das doenzas cardiovasculares. Neste caso, a porcentaxe dos galegos que son obesos aumentou dende 2005, pasando do 12% ao 16%, aínda que a prevalencia do sobrepeso permanece estable arredor do 39%.

A poboación con baixo peso, o 1,8% en 2011, concéntrase entre mulleres mozas de 16 a 24 anos onde o 18,2% teñen baixo peso.

Neste senso, a información obtida sobre a prevalencia de factores de risco e de prácticas preventivas a nivel poboacional en Galicia fai do SICRI unha ferramenta útil e eficiente para o deseño e modificación de programas de promoción da saúde a nivel poboacional, como xa sucedeu, por exemplo, co Programa de promoción de vida sen tabaco ou en Xente con vida.

